

**PROGRAMA PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ
DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE, TRASTORNOS DE CONDUTA,
DISCAPACIDADES E ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.**

Pretendemos con este instrumento detectar tan pronto sexa posible as dificultades de aprendizaxe, de relación, os problemas de comportamento, de atención, etc.. que poidan ter os nosos alumnos e así iniciar as acción encamiñadas a mellorar a resposta educativa á problemática que presenten.

A maior parte das veces, a simple observación dos alumnos indícanos a existencia dun problema; noutras, os problemas aparecen larvados ou enmascarados con diferentes condutas. Os protocolos que temos neste programa intentan facilitar a diagnose inicial, a detección da existencia de dificultades que van a influir no rendemento dos nosos alumnos.

O programa vai a basearse nas seguintes actuacións:

1. Recollida da información da familia.
 - a. A través da entrevista/s inicial.
 - b. A través das escalas observacionais do desenvolvemento, en E.Infantil.
2. Recollida da información do titor anterior, se é o caso.
3. Avaliación inicial do profesorado.
4. Aplicación do protocolo adecuado.
5. Traslado da información ao departamento de orientación se procede.
6. Intervención psicopedagóxica.
7. Programa de apoio, se é o caso.

Este programa non asegura a detección de todos os casos posibles pero establece un procedemento plausible para detectar a maioría dos que poidan, ademais, ser tratados na escola. Para os que se escaparan das nosas competencias, faríase a correspondente derivación.

Os protocolos incluídos a continuación están deseñados especialmente para o último ano de E. Infantil e o 1º ciclo de E. Primaria, agás un que abranque ata 3º. Pode que non todos os items sexan aplicables a un neno ou curso en concreto. O obxectivo deste programa é ter un instrumento que indique a necesidade dunha valoración máis en profundidade non ser un instrumento exacto para detectar as dificultades.

A Coruña, a 14 de marzo de 2012

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE ALTERACIÓNS
 NA ÁREA DA COMUNICACIÓN E A LINGUAXE (E.I.)**

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación;

Curso:

(N – nunca; AV - a veces; F – frecuentemente)	N	AV	F
1. A calidade da voz é normal.			
2. O seu léxico é adecuado á idade			
3. Utiliza as formas verbais en presente, pasado e futuro.			
4. Mantén o contacto ocular co interlocutor.			
5. Responde cando se pronuncia o seu nome.			
6. Ten unha voz clara e despexada (non presenta ronquera consistente).			
7. Fai uso adecuado de pronombres (eu, ti, nós...]			
8. Enténdense ben todas as súas producións orais.			
9. Fala sen substituír un fonema por outro ou omite consonantes ou sílabas enteiras.			
10. Utiliza os verbos.			
11. Usa palabras relacionais (de posesión, localización, temporalización, etc.].			
12. Imita sons e palabras simples.			
13. A súa fala é fluída.			
14. Ten repertorio ordinario de funcións comunicativas (pide, pregunta, declara, etc.].			
15. Responde a ordes sinxelas: «Sentar» «Dáme iso».			
16. Emprega o xogo simbólico.			
17. Mostra atención sostida.			
18. Xeralmente entende mensaxes adaptadas á súa idade.			
19. Responde ante sons fortes e repentinos.			
20. Participa en situacións de xogo.			
21. Participa en actividades que requiren comprensión e expresión verbal simultánea.			
22. Pregunta e responde de forma adecuada.			
23. Mostra habilidades comunicativas básicas (escoita, contacto ocular, atención...).			
24. Escoita as historias de principio a fin.			

(N – nunca; AV - a veces; F – frecuentemente)	N	AV	F
25. Vira a súa cabeza buscando a fonte do son.			
26. Constrúe oracións simples: «Papá foise».			
27. Usa oracións completas, non son telegráficas, nin confusas.			
28. Produce oralmente nomes propios e comúns.			
29. Imita os sons do ambiente.			
30. Utilización de forma correcta a concordancia de xénero, número e tempo.			
31. Entende as mensaxes orais á primeira, sen ter que repetirlle			
32. Presenta ausencia na súa fala de vogais sostidas ou berros.			
33. Non hai catarros e infeccións de oído frecuentes			

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ
DE ALTERACIÓNS NA AUDICIÓ**

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación;

Curso:

	(N – nunca; AV - a veces; F – frecuentemente)	N	AV	F
1. Non responde cando se lle chama				
2. Non responde aos sons				
3. É necesario alzar a voz para que atenda				
4. Distráese en clase				
5. Ten falta de interese e escaso rendemento escolar				
6. Contesta frecuentemente cun que				
7. Grita excesivamente ao falar				
8. En ambiente ruidoso, chámano e ás veces non responde				
9. Confunde palabras que soan de forma parecida				
10. Tende a mirar os beizos da persoa que fala				
11. Presenta algunhas alteracións da linguaxe (pronuncia mal algunhas palabras)				
12. Presenta dificultades nos ditados, faltas de ortografía				
13. Ten problemas de relación cos demais alumnos e alumnas				
14. Vira a cabeza sempre ao mesmo lado e achégase á fonte sonora				

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPRÁ
 DE ALTERACIÓNS MOTORAS**

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación;

Curso:

(N – nunca; AV - a veces; F – frecuentemente) | N | AV | F |

MOBILIDADE E MANIPULACIÓN

1. Presenta autonomía nos seus desprazamentos no centro escolar			
2. Desprázase de forma estable, non adoita caerse			
3. Sobe e baixa escaleiras de forma autónoma			
4. Pode facer uso das súas mans (coller, soltar, tapar/destapar]			
5. Pode utilizar o material didáctico de uso común (lapis, ceras, pinceis, tesoiras, punzón...)			

CONTROL POSTURAL

6. Non leva aparello ortopédico que lle impide sentar en calquera cadeira			
7. Presenta movementos coordinados			
8. Ten bo control de tronco e mantense sentado correctamente nunha cadeira de clase			
9. A súa baixa talla non lle impide acceder de forma independente ao mobiliario			

AUTONOMÍA PERSOAL

10. Ten control de esfínteres			
11. Os hábitos de aseo, vestido e alimentación son acordes á súa idade			
12. As súas limitacións motrices non condicionan as súas posibilidades de expresión verbal			
13. Pode acceder ao centro de forma independente			
14. Pode facer uso independente do baño			

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ
 DE TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO**

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación;

Curso:

(N – nunca; AV - a veces; F – frecuentemente)	N	AV	F
1. Tende a illarse, non intenta achegarse aos outros, nin coa palabra nin cos xestos			
2. Adoita repetir o que din outras persoas ou usa palabras estereotipadas			
3. Dá a sensación que ten problemas de audición			
4. Utiliza o corpo do adulto para conseguir o que quere ou comunicar algo?			
5. Ten movementos repetitivos motores, ou manierismos de mans e dedos			
6. Móstrase inflexible nalgún aspecto da vida cotiá, como rituais ou compulsións			
7. Relaciónase pouco cos seus iguais			
8. Parece que non pode disfrutar cos seus iguais			
9. Cando se dirixe a outra persoa ou lle falamos non mira á cara			
10. Ten unha mirada inapropiada, sen cambios, inexpresiva ou pouco clara			
11. Non responde emocionalmente ao adulto ou nenos nin coa súa cara nin cos seus xestos			
12. A linguaxe non o usa nin para expresar interese nin para facer amizades			
13. Non mostra espontaneamente xoguetes ou obxectos			
14. Parece que non pode usar o contacto visual para facer referencia a un obxecto			
15. Non usa espontaneamente xestos descritivos, convencionais, emocionais, instrumentais			
16. É incapaz de sinalar de forma dirixida e coordinada obxecto-persoa			
17. Ten un interese inusual por chupar ou lamer, tocar todo, mirar excesivamente...			
18. Manifesta un excesivo interese en temas e obxectos inusuais ou moi específicos			

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ
DE TRASTORNOS DE CONDUCTA**

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación;

Curso:

	(N – nunca; AV - a veces; F – frecuentemente)	N	AV	F
1. Enfádase violentamente e incorre en rabechas				
2. Discute con adultos				
3. Desafía activamente aos adultos ou rexeita cumprir as súas obrigacións				
4. Molesta deliberadamente a outras persoas				
5. Acusa a outros dos seus erros ou mal comportamento				
6. É susceptible ou facilmente molestado por outros				
7. É colérico e resentido				
8. É rencoroso ou vengativo				

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ
 DE TRASTORNOS DE ATENCIÓN**

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación;

Curso:

(N – nunca; AV - a veces; F – frecuentemente)	N	AV	F
1. Presta atención insuficiente aos detalles e comete erros por descoido			
2. Ten dificultades para manter a atención en tarefas ou en actividades de xogo			
3. Parece non escoitar cando se lle fala directamente			
4. Adoita ter dificultades para seguir instrucións e finalizar tarefas, encargos ou obrigacións			
5. Ten dificultade para organizar tarefas e actividades			
6. Evita dedicarse a tarefas que requiren un esforzo mental sostido			
7. Perde cousas que son necesarias para as súas tarefas ou actividades			
8. Distráese facilmente			
9. É olvidadizo nas actividades diarias			
10. Move en exceso mans e pés ou se remove no seu asento			
11. Está inqueda no seu asento en clase cando se espera que permaneza sentado			
12. De forma reiterada corre ou salta en situacións en que é inapropiado facelo			
13. Ten dificultade para xogar ou dedicarse tranquilamente a actividades de lecer			
14. Está sempre con présas ou actúa coma se estivese «activado por un motor»			
15. Fala en exceso			
16. Adoita dar as respostas antes de ser completadas as preguntas			
17. Ten dificultades para esperar a súa quenda			
18. Interrompe ou interfere nas actividades doutros			

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE
 NA LECTURA, ESCRITURA E CÁLCULO NO ALUMNADO QUE INICIA E.I. 5 ANOS**

Instrucións para cumprimentar o cuestionario:

3. Elixir só unha resposta entre «nunca», «case nunca», «poucas veces», «algunhas veces» e «a miúdo».
4. Se algún ítem non se axusta ao currículo de E. Infantil, elixir como resposta non se sabe/non é adecuado, NS.
5. Destinado preferentemente ao alumnado que comeza Ed. Infantil de 5 anos (entre setembro e decembro do curso escolar).

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación;

Curso:

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-poucas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
1. No caderno, deixa moitas marcas de goma de borrar, ata rompe ou se engurra a folia de tanto borrar						
2. O seu comportamento para a tarefa de casa é irregular						
3. O comportamento na clase é bo, pero o seu rendemento é baixo						
4. Reacciona lentamente cando ten que contestar preguntas de forma oral						
5. Exprésase oralmente con dificultade (por exemplo, non atopa as palabras para expresar as súas ideas]						
6. Comete erros gramaticales cando fala						
7. Ten dificultades para pronunciar ben						
8. Perde as súas pertenzas persoais, talles como cadernos, lapis, ou estoxos, ou se esquece de facer ou traer os deberes						
9. Cústalle seguir unha serie de varias indicacións seguidas						
10. Necesita que outras persoas recórdenlle varias veces certas informacións, como traer de casa algúns materiais para traballar no aula						
11. Cústalle aprender de memoria os nomes de persoas ou lugares						
12. Cústalle aprender cancións ou poemas infantís, ata os que son sinxelos						
13. Ten dificultade para aprender un horario que sexa un pouco complexo						
14. Ten dificultade para recordar os seus datos persoais, talles como a súa data de nacemento, o seu número de teléfono, a súa dirección, etc.						
15. Distráese con facilidade						
16. Ten dificultade para concentrarse nunha cousa durante moito tempo (párase con frecuencia, levántase a falar con outros compañeiros...)						
17. Ten dificultade para repetir datos que acaba de escoitar, como números de teléfono, nomes de persoas ou contido de contos						
18. Ten dificultade para asimilar os conceptos de tempo (non distingue onte, hoxe e mañá)						
19. Equivócase de orde cando ten que aprender de memoria algunhas palabras ou números nunha secuencia						
20. Necesita moito tempo para aprender a dicir a hora						

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-poucas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
21. Cando colorea un debuxo sáese dos límites						
22. Ten dificultade cando corre e salta (cae a miúdo, lesiónase...)						
23. Cando fai xogos con moito movemento, cánsase con facilidade						
24. O seu rendemento motor é baixo						
25. Cústalle saltar a corda, tirar, coller ou dar patadas á pelota						
26. Na clase non pode dar palmadas seguindo ritmos sinxelos						
27. Cústalle atar cordóns, abrochar botóns... máis que aos outros						
28. Cústalle distinguir entre arriba e abaixo ou entre esquerda e dereita						
29. Ten dificultade para orientarse (necesita moito tempo para saber como ir ás diferentes aulas, sala do profesorado...)						
30. Cústalle relacionarse con outras persoas (a miúdo discute cos irmáns ou cos compañeiros...)						
31. Ten deficiente autoconceito e autoimaxe						
32. Desanímase ou desiste de facer as cousas con facilidade						
33. Ten dor de cabeza, de estómago... enfádase ou ponse nervioso cando sente presión.						

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE
 NA LECTURA, ESCRITURA E CÁLCULO NO ALUMNADO QUE INICIA 1º DE E.P.**

Instrucións para cumprimentar o cuestionario:

3. Elixir só unha resposta entre «nunca», «case nunca», «poucas veces», «algunhas veces» e «a miúdo».
4. Se algún ítem non se axusta ao currículo de E.P., elixir como resposta non se sabe/non é adecuado, NS.
5. Destinado preferentemente ao alumnado que comeza 1º de E.P. (entre setembro e decembro do curso escolar).

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación:

Curso:

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-poucas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
1. A súa competencia en lectura é inferior á dos alumnos da mesma idade						
2. Ten dificultade para recoñecer palabras moi frecuentes ou familiares						
3. Cuando le en voz alta, equivócase de palabras						
4. A actitude á hora de ler é negativa						
5. Cuando revisa as tarefas, non atopa erros						
6. Equivócase no ditado, erra en letras, palabras ou deixa en branco						
7. Omite letras, non mantén o tamaño de letra, non respecta a pauta						
8. Necesita máis tempo que outros alumnos para copiar un texto						
9. Moitas palabras do seu vocabulario oral, non as sabe escribir						
10. A expresión escrita é inferior á oral						
11. No caderno, deixa moitas marcas de goma de borrar, ata rompe ou engurra a folla de tanto borrar						
12. O seu comportamento para a tarefa de casa é irregular						
13. O comportamento na clase é bo, pero o seu rendemento é baixo						
14. Os pais din que estuda moito pero o seu rendemento en clase é baixo						
15. Os pais din que leu moitas veces o contido que debe escribir de memoria, pero o resultado da escritura de memoria non é bo						
16. Para cálculos sinxelos (por exemplo, 3+2], necesita os dedos ou facer marcas no papel						
17. Ten dificultades para resolver problemas axeitados á súa idade						
18. Ten dificultades para comprender o valor dos números que ten que coñecer pola súa idade						
19. Reacciona lentamente cando ten que contestar preguntas de forma oral						
20. Exprésase con dificultade oralmente (por exemplo, non atopa as palabras para expresar as súas ideas]						
21. Comete erros gramaticales cando fala						

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-poucas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
22. Ten dificultades para pronunciar ben						
23. Perde as súas pertenzas persoais, cadernos, lapis, ou estoxos; esquece facer ou traer os deberes.						
24. Cústalle seguir unha serie de varias indicacións seguidas						
25. Necesita que lle lembren as tarefas que debe facer						
26. Cústalle aprender de memoria os nomes de persoas ou lugares						
27. Cústalle aprender cancións ou poemas, ata os que son sinxelos						
28. Ten dificultade para aprender un horario						
29. Ten dificultade para recordar datos persoais						
30. Distráese con facilidade						
31. Ten dificultade para concentrarse (párase con frecuencia, levántase a falar con outras persoas]						
32. Ten dificultade para repetir datos que acaba de escoitar						
33. Cambia a orde das letras nas palabras						
34. Cústalle escribir ben as datas, seguindo a orde de día, mes, ano						
35. Asimila mal os conceptos de tempo (non distingue onte, hoxe, mañá)						
36. Equivócase de orde en secuencias de palabras ou números						
37. Necesita moito tempo para aprender a dicir a hora						
38. Cando colorea un debuxo sáese dos límites						
39. Ten dificultade cando corre e salta (por exemplo, cáese a miúdo ou se lesiona]						
40. Cando fai xogos con moito movemento, cánsase con facilidade						
41. O seu rendemento en Educación Física é baixo						
42. Cústalle saltar a corda, tirar, coller ou dar patadas á pelota						
43. Na clase de Música ten dificultade para dar palmadas seguindo ritmos sinxelos						
44. Cústalle atar os cordóns, abrochar os botóns... máis que aos nenos da súa idade						
43. Cústalle distinguir entre arriba e abaixo ou entre esquerda e dereita						
44. Ten dificultade para orientarse (necesita moito tempo para saber como ir ás diferentes aulas, salas do profesorado ...]						
45. Non quere estudar.						

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-pocas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
46. Cústalle relacionarse con outras persoas (por exemplo, a miúdo discute cos irmáns ou cos compañeiros]						
47. Ten mala imaxe de si mesmo						
48. Desaníbase ou desiste de facer as cousas con facilidade						
49. Ten dor de cabeza, dor de estómago, enfádase ou ponse nervioso cando se sente presionado						

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE
 NA LECTURA, ESCRITURA E CÁLCULO NO ALUMNADO QUE INICIA 2º DE E.P.**

Instrucións para cumprimentar o cuestionario:

3. Elixir só unha resposta entre «nunca», «case nunca», «poucas veces», «algunhas veces» e «a miúdo».
4. Se algún ítem non se axusta ao currículo de E.P., elixir como resposta non se sabe/non é adecuado, NS.
5. Destinado preferentemente ao alumnado que comeza 2º de E.P. (entre setembro e decembro do curso escolar).

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación:

Curso:

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-poucas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
1. A capacidade de comprensión auditiva é mellor que a lectora						
2. Ten dificultade para recoñecer palabras moi frecuentes ou familiares						
3. Logo de ler unha frase, ten dificultade para entender o seu significado						
4. Cústalle extraer o contido principal dun texto logo de lelo						
5. Cando le en voz alta, equivócase de palabras						
6. Cando le en voz alta, párase moito por non entender as palabras						
7. Cando le en voz alta, ten dificultade para respectar os signos de puntuación						
8. Confunde palabras parecidas						
9. A súa actitude á hora de ler é peor que a dos alumnos do seu mesma idade						
10. Cando revisa as súas tarefas, non atopa os erros						
11. Ten dificultade na tarefa de escribir ao ditado, equivócase en palabras ou entrega en branco						
12. Comete moitos erros á hora de escribir, talles como saltar letras, non gardar os tamaños das letras ou non respecta a pauta						
13. Necesita máis tempo que outros alumnos para copiar un texto						
14. Cando copia cousas da lousa, sempre salta palabras ou copia letra a letra						
15. Escribe a mesma palabra no mesmo texto de diferentes xeitos						
16. Moitas palabras que sabe utilizar falando, non as sabe escribir						
17. A expresión escrita é peor que a oral						
18. Non utiliza ou utiliza mal os signos de puntuación						
19. Ten moitas dificultades para facer tarefas de construír frases						
20. Cando fai redaccións, ten dificultade para seguir unha secuencia lóxica						
21. Á hora de facer redaccións ou construír frases, só pode chegar a expresar as súas ideas, pero con erros gramaticales						

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-poucas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
22. Sáltase palabras, usa palabras que repiten incorrectamente algo ou a orde é incorrecta						
23. No caderno, deixa moitas marcas de goma de borrar, ata rompe ou se engurra a folia de tanto borrar						
24. O seu comportamento para a tarefa de casa é irregular						
25. O comportamento na clase é bo, pero o seu rendemento é baixo						
26. Os pais din que o alumno estuda moito, pero, ata así, o seu rendemento en clase é baixo						
27. Os pais din que leu moitas veces o contido que debe escribir pero o resultado da escritura de memoria non é bo						
28. Para cálculos sinxelos (p. ex. 3 2], necesita os dedos ou facer marcas no papel						
29. Ten dificultades para resolver problemas						
30. Ten dificultades para comprender o valor dos números que debe coñecer pola súa idade						
31. Ten dificultade para distinguir os signos das operacións						
32. Aínda que se esforza moito, non consegue aprender as táboas de multiplicar						
33. Reacciona lentamente cando ten que contestar preguntas de forma oral						
34. Ten dificultade para expresarse ben oralmente (por exemplo, non atopa as palabras para expresar as súas ideas)						
35. Comete erros gramaticais cando fala						
36. Ten dificultades para pronunciar ben						
37. Perde as súas pertenzas persoais, talles como cadernos, lapis, ou estoxos, ou se esquece de facer ou traer os deberes						
38. Cústalle seguir unha serie de varias indicacións seguidas						
39. Necesita que outras persoas recórdenlle varias veces certas informacións, como as datas dos exames						
40. Cústalle aprender de memoria os nomes de persoas ou lugares						
41. Cústalle aprender cancións ou poemas infantís, ata os que son sinxelos						
42. Ten dificultade para aprender un horario que sexa un pouco complexo						
43. Ten dificultade para recordar os seus datos persoais, talles como a súa data de nacemento, o seu número de teléfono, a súa dirección, etc.						
44. Distráese con facilidade						
45. Ten dificultade para concentrarse cando fai tarefas, párase con frecuencia, levántase a falar con outras persoas ou ver a televisión...						
46. Ten dificultade para repetir datos que acaba de escoitar, como números de teléfono, nomes de persoas ou contido de contos						
47. Cambia a orde das letras nas palabras						

(N – nunca; CN-casi nunca;PV-poucas veces;AV-algunhas veces;M-a menudo;NS-non sabe)	N	CN	PV	AV	M	NS
48. Cústalle escribir ben as datas, seguindo a orde de día, mes, ano						
49. Ten dificultade para assimilar os conceptos de tempo (non distingue onte, hoxe, mañá)						
50. Equivócase de orde cando ten que aprender de memoria algunhas palabras ou números nunha secuencia						
51. Necesita moito tempo para aprender a dicir a hora						
52. Cando colorea un debuxo, sáese dos límites						
53. Ten dificultade cando corre e salta						
54. Cando fai xogos con moito movemento, cánsase con facilidade						
55. O seu rendemento en Educación Física é baixo						
56. Cústalle saltar a corda, tirar, coller ou dar patadas á pelota						
57. Na clase de Música ten dificultade para dar palmadas seguindo ritmos sinxelos						
58. Cústalle atarse os cordóns e abrochase os botóns máis que aos nenos da súa idade						
59. Cústalle distinguir entre arriba e abaixo ou entre esquerda e dereita						
60. Ten dificultade para orientarse (necesita moito tempo para saber como ir ás diferentes aulas, salas do profesorado...)						
61. Non quere estudar						
62. Cústalle relacionarse con outras persoas, discute cos irmáns ou cos compañeiros...						
63. Ten mala imaxe de si mesmo						
64. Desiste de facer as cousas con facilidade						
65. Ten dor de cabeza, dor de estómago, enfádase ou ponse nervioso cando se sente presionado						

Observacións:

**CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ
 DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE NA LECTURA, ESCRITURA E CÁLCULO**

Instrucións para cumprimentar o cuestionario:

1. Puntuar cada un dos indicadores sinalando cunha «X» na casa correspondente, entendendo que «6» corresponde a «totalmente de acordo» co aspecto que menciona e que «1» corresponde a «nada de acordo» con ese aspecto.
2. É recomendable encher todo o cuestionario para unha avaliación máis completa.
3. Para cada ítem, o profesorado pode elixir só unha resposta.
4. Este cuestionario está destinado preferentemente ao alumnado que finaliza 2º de Ed. Primaria (entre maio e xuño do curso escolar) ata o alumnado que comeza 4º de Ed. Primaria (entre setembro e decembro do curso escolar).

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Data de avaliación:

Curso:

	1	2	3	4	5	6
1. Non emprega ritmo na lectura						
2. Comete poucos erros ao ler, pero a súa lectura é lenta						
3. A súa lectura é mecánica, repetitiva e silábica						
4. Algún dos erros que comete están relacionados coa lectura e escritura de sílabas do tipo CCV, CVC ou CCVC						
5. Ao ler presenta con frecuencia vacilacións, silabeo, repeticións parciais e rectificacións parciais						
6. Non le as palabras dunha soa vez						
7. Le mal, cometendo erros						
8. Equivócase na pronuncia						
9. Cambia, substitúe, omite ou engade sons ás palabras que le						
10. Ao ler transforma palabras descoñecidas ou pouco familiares en palabras familiares						
11. Substitúe o morfema da palabra, facendo permanecer fixo o lexema						
12. Unha palabra é substituída por outra que se lle parece moito visual e ortográficamente e non semánticamente: calita por casiña						
13. Ten dificultades para formar unha idea simple a partir dunha frase						
14. Atopa dificultades para obter as ideas recollidas no texto e a relación entre elas						
15. Cústalle interpretar que un pronome substitúe a un nome ou que un sinónimo substitúe a outro anterior						
16. Relaciona con dificultade os seus coñecementos previos co contido da lectura						
17. Cústalle distinguir as ideas principais das secundarias						
18. Presenta, en xeral, pobreza de vocabulario						
19. Ten problemas para facer un resumo oral dun texto breve						
20. Ten dificultades para analizar como se articulan ou estruturan as ideas dun texto: de forma narrativa ou expositiva						

	1	2	3	4	5	6
21. Non ten problemas en xeral para escribir as palabras rapidamente (1)						
22. As palabras cuxa ortografía é regular (escríbese tal e como se oe, é dicir a cada son só correspóndelle unha grafía] escríbeas correctamente (1)						
<i>(1) A valoración destes ítems é inversa aos restantes</i>						
23. O seu maior problema reside en uso das regras ortográficas						
24. Escribe as palabras como lle soan, sen ter en conta o contexto ortográfico						
25. Escribe moi lento as palabras pouco coñecidas para el, non así as palabras moi familiares						
26. Adoita ter problema coas tarefas de ditado						
27. Durante as tarefas de ditado confunde letras (substituíndoas, omitíndoas...]						
28. Cando a palabra é nova, en ocasións é incapaz de escribila						
29. Comete menos erros nas palabras de contido (sustantivos, verbos, etc.] que nas funcionais (preposición, artigos, etc.]						
30. Presenta dificultades para escribir frases gramaticalmente correctas						
31. Cando escribe parágrafos é de forma desorganizada						
32. As súas producións escritas non obedecen unha estrutura textual (narrativa ou expositiva]						
33. Atopa problemas para escribir textos curtos (2-3 frases) coa intención de narrar, anotar, pedir, recordar, etc.						
34. Os seus textos non respectan unha secuencia temporal dos feitos						
35. Non é capaz de realizar un resumo por escrito dun texto breve que leu previamente						
36. Ten dificultades para planificar unha redacción, xerando e ordenando as ideas, revisando o texto, etc.						
37. Presenta dificultades para realizar mecanicamente as operacións de suma, resta, multiplicación e división						
38. Cústalle aprender a táboa de multiplicar e equivócase con frecuencia						
39. Comete erros na «levadas»						
40. Ten dificultades ao resolver problemas nos que só está implicada unha operación de suma, resta, multiplicación ou división						
41. Ten dificultades ao resolver problemas nos que se combinan dúas operacións de suma, resta, multiplicación ou división						

Observacións:

CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES (PROF)

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade:

Data avaliación:

Profesor/a:

Nivel:

A: Sempre

B: Frecuentemente

C: A veces

D: Nalgunha ocasión

E: Nunca.

1. Comprende con moita facilidade a información que se lle facilita.	A	B	C	D	E
2. Exprésase con estruturas lingüísticas complexas e utilizando un vocabulario avanzado para a súa idade	A	B	C	D	E
3. Cando está interesado, aprende con facilidade e rapidez	A	B	C	D	E
4. Memoriza, facilmente, poesías e cancións con gran contido de palabras.	A	B	C	D	E
5. É capaz de recordar con facilidade, puntos de referencia espacial e camiños para regresar a lugares familiares.	A	B	C	D	E
6. Resúltalle fácil recordar, con detalle e precisión, aquilo que se lle explica ou oíu.	A	B	C	D	E
7. É moi perfeccionista	A	B	C	D	E
8. Tende a esixirse demasiado. Gústalle ter éxito e se non pode alcanzar os seus propios obxectivos, adoita frustrarse.	A	B	C	D	E
9. Sorprende pola cantidade de feitos que coñece, tendo en conta a súa idade.	A	B	C	D	E
10. Abúrrese facilmente coas tarefas rutineiras ou repetitivas.	A	B	C	D	E
11. Divírtese ordenando, catalogando e clasificando cousas.	A	B	C	D	E
12. Entende ideas abstractas e conceptos complicados para a súa idade.	A	B	C	D	E
13. É observador, agudo. Percibe con facilidade pequenos cambios nas persoas ou na posición das cousas.	A	B	C	D	E
14. No seu tempo libre, gústalle realizar tarefas seleccionadas por si mesmo.	A	B	C	D	E
15. É constante na realización de actividades que lle interesan e raramente déixaas inacabadas.	A	B	C	D	E
16. É innovador a e orixinal nas súas respostas a preguntas abertas.	A	B	C	D	E
17. Mostra un rendemento especialmente bo, nunha ou máis áreas académicas.	A	B	C	D	E
18. Posúe unha gran sensibilidade emocional. Preocúpase de todo aquilo que estea relacionado coa moralidade e a xustiza.	A	B	C	D	E
19. É capaz de expor problemas e solucionarlos con enxeño, sobre todo se non están relacionados coas materias académicas.	A	B	C	D	E

20. Está especialmente ben dotado de "mañas" e formas inusuais de resolver os problemas.	A	B	C	D	E
21. Ten unha gran curiosidade e desenvolve condutas manipulativas na súa continua exploración da contorna.	A	B	C	D	E
22. Mantén un alto grao de cooperación cando traballa co profesor/a ou con outros adultos.	A	B	C	D	E
23. En ocasións, desenvolve actitudes negativas cara ao centro educativo e/ou cara a algúns profesores/as.	A	B	C	D	E
24. Con frecuencia queda absorto/a en os seus pensamentos.	A	B	C	D	E
25. Móstrase amigable cos alumnos/as maiores. Busca, deliberadamente, a súa compañía e adoita ser aceptado/a por eles/as.	A	B	C	D	E
26. Busca e prefire a compañía dos adultos.	A	B	C	D	E
27. Pode influír nos demais para que adopten un determinado punto de vista ou realicen actividades concretas.	A	B	C	D	E
28. Soporta ben as responsabilidades	A	B	C	D	E
29. A familia manifesta que presenta ou presentou comportamentos e actitudes moi avanzados para a súa idade.	A	B	C	D	E

Observacións:

CUESTIONARIO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES (PAIS)

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade:

Data avaliación:

Profesor/a:

Nivel:

A: Sempre B: Frecuentemente C: A veces D: Nalgunha ocasión E: Nunca.

1. Ten un vocabulario inusualmente avanzado para o seu nivel e idade	A	B	C	D	E
2. É unha persoa observadora	A	B	C	D	E
3. Ten moita destreza para o deporte	A	B	C	D	E
4. Mostra moitos intereses	A	B	C	D	E
5. Prefiere a compañía de adultos compañeiros maiores	A	B	C	D	E
6. Ten moitas e diferentes formas de resolver problemas	A	B	C	D	E
7. Exprésase con bastante soltura e fluidez	A	B	C	D	E
8. Retén a información das cousas que observou	A	B	C	D	E
9. Mostra un control fino avanzado en actividades como escribir, dar cores, construír cousas...	A	B	C	D	E
10. Sente especial curiosidade por coñecer o mundo circundante e por saber como funcionan as cousas	A	B	C	D	E
11. Te capacidade de inlir sobre outras persoas	A	B	C	D	E
12. Usa a imaxinación e a fantasía para aprender e explorar.	A	B	C	D	E
13. No acostumbra a usar xestos para comunicarse oralmente	A	B	C	D	E
14. Manexa unha gran cantidade de información.	A	B	C	D	E
15. Mostra unha boa coordinación nos seus movementos	A	B	C	D	E
16. A súa gran curiosidade lévalle a estar preguntando constantemente	A	B	C	D	E
17. Mostra gran comprensión e sensibilidade cara ás necesidades das demais persoas	A	B	C	D	E
18. Dáse conta dalgúns problemas que outras persoas non ven	A	B	C	D	E
19. Ten habilidade para contar ou reproducir historias e sucesos con gran detalle	A	B	C	D	E

20. Aprendeu a ler con pouca axuda a unha idade temperá (cara aos 4 anos)	A	B	C	D	E
21. Mantén ben o equilibrio, por exemplo, cando salta a pé manco	A	B	C	D	E
22. É unha persoa persistente e obstinada nas tarefas que lle interesan	A	B	C	D	E
23. É unha persoa carismática, parece que os demais "viran" a sualrededor	A	B	C	D	E
24. Mostra unha gran capacidade de atención	A	B	C	D	E
25. Toma iniciativas para facer cousas	A	B	C	D	E
26. Mostra especial sensibilidade sobre temas tan complexos como a morte, a guerra e o fame do mundo	A	B	C	D	E
27. Pensa e fala con fluidez. Produce gran cantidade de ideas, expón posibilidades e consecuencias relacionadas con situacións concretas	A	B	C	D	E
28. É unha persoa observadora aguda, atenta e perspicaz	A	B	C	D	E
30. Realiza tarefas difíciles para a súa idade	A	B	C	D	E
31. Aprende mellor emáis rápido	A	B	C	D	E
32. Fai moitas preguntas suxestivas	A	B	C	D	E
33. Comprende conceptos e relacións numéricas avanzadas para a súa idade	A	B	C	D	E
34. Disfruta aprendendo polo feito de aprender	A	B	C	D	E
35. Ve os problemas como desafíos e fascínalle a idea de resolvelos.	A	B	C	D	E

Observacións: